



005833 13 07 2010 15 10

RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE XULLO POLA QUE SE DESENVOLVE O PROCEDEMENTO PARA A CONVOCATORIA E IMPUTACIÓN DOS CURSOS QUE A USC RECOÑECERÁ COMO COMPETENCIAS TRANSVERSAIS INFORMACIONAIS NOS ESTUDOS DE GRAO.

A alfabetización informacional é unha competencia que engloba os procesos de coñecer, identificar, buscar, avaliar, organizar e utilizar a información de xeito eficaz para abordar un problema ou tema en cuestión alentando o pensamento crítico e reflexivo.

O Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 25 de marzo de 2010, acordou aprobar o recoñecemento dos cursos básico e medio ofertados pola Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela como competencias transversais informacionais, para todas as titulacións de Grao, de acordo co disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, pola que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e nas liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións.

Para aplicar este acordo, compre regular o procedemento ao que deberán axustarse as convocatorias dos cursos e o recoñecemento no expediente académico.

Polo anterior, esta Reitoría **RESOLVE**:

PRIMEIRO. OBXECTO

A presente Resolución ten obxecto desenvolver o procedemento para a convocatoria e imputación dos cursos que a USC recoñecerá como competencias transversais informacionais nos estudos de Grao.

SEGUNDO. CURSOS

Anualmente a USC ofertará cursos de competencias informacionais para estudantes de ensinanzas de Grao, mediante convocatoria ou convocatorias da dirección da Biblioteca Universitaria.

Os obxectivos xerais dos cursos son:

- Que o alumnado chegue a adquirir as habilidades e destrezas para planear unha busca de información, localizar, seleccionar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética, de acordo coas súas necesidades ou problemas informacionais.
- Que o alumnado asuma que saber xestionar información é unha práctica que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo e a realización de traballos académicos con metodoloxía

científica e que ten que constituír unha práctica transferible a todo o seu traballo formativo,

Os cursos que se ofertarán serán os seguintes:

Básico.- Dirixido a alumnos de 1º e 2º cursos de Grao. Recoñecerase 1 crédito optativo por 25 horas de traballo do estudante das que serán presenciais nas súas diferentes modalidades (expositiva, interactiva, práctica) ata un máximo de 10 horas.

Medio.- Dirixido a alumnos de 3º e 4º cursos de Grao. Recoñecerase 1 crédito optativo por 25 horas de traballo do estudante das que serán presenciais nas súas diferentes modalidades (expositiva, interactiva, práctica) ata un máximo de 10 horas.

TERCEIRO. CONVOCATORIA

Na convocatoria dos cursos deberá especificarse:

- a) Número de prazas ofertadas por cada curso e por campus. No curso medio tamén se indicará o número de prazas que se ofertan por rama ou ramas de coñecemento.
- b) Grupos por cada centro e número mínimo de alumnos por grupo.
- c) Directores ou directoras dos cursos
- d) Prazo de matrícula
- e) Períodos de realización dos cursos
- f) Criterios de selección dos alumnos, cando sexa distinto ao de orde temporal de inscrición.

Coa convocatoria dos curso, publicarase un anexo co programa e contidos dos cursos e os criterios de avaliación.

CUARTO. MATRÍCULA

No prazo que se determine na convocatoria, os alumnos matriculados en ensinanzas de Grao da USC poderán matricularse, a través da secretaría virtual, nun curso de competencias informacionais dos que se oferten, consonte ás seguintes normas:

4.1. No curso básico poderán matricularse os alumnos que cursen ensinanzas de Grao na USC.

4.2. Para matricularse no curso medio será requisito ter superado o curso básico e estar matriculado en materias do terceiro curso ou superior do Grao.

4.3. As prazas asignaranse por orde de matrícula, ata cubrir as prazas ofertadas, agás que na convocatoria se establezan criterios específicos de selección. No caso do curso medio a asignación farase por ramas de coñecemento, de acordo coa oferta de prazas.

4.4. Os alumnos matriculados serán asignados a un grupo, en función da titulación de Grao que estean a cursar. En caso de necesario, logo do remate da matrícula, poderá reducirse o número de grupos, reasignando aos alumnos a outros grupos, no mesmo campus.

4.5. Os matriculados deberán aboar o importe correspondente a 1 crédito, no prazo de dez días seguintes ao de matrícula. O prezo que se aplicará será o da tarifa do crédito da titulación de Grao para o que se reconece, de acordo cos prezos que se fixen no Decreto de prezos públicos aprobado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para o curso académico en que se celebre o curso.

4.6. En caso de non efectuar o pagamento no prazo indicado no apartado anterior, procederase á súa reclamación polo procedemento establecido pola USC para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

4.7. Os alumnos matriculados poderán solicitar a desistencia da matrícula no curso de competencias informacionais no prazo de 10 días seguintes ao de remate do prazo de matrícula. Despois deste prazo non se concederá ningunha anulación de matrícula.

4.8. Os alumnos que non superen un curso, poderán volver a matricularse nos seguintes períodos que se convoquen, nas mesmas condicións que se establecen nesta resolución e na convocatoria dos cursos.

QUINTO. ACTAS.

A avaliación será realizada por cada director ou directora do cursos que comunicará a cualificación ao director ou directora da Biblioteca Universitaria, que será a encargado/a da xestión e sinatura das actas.

A cumprimentación das actas axustarase ao disposto na instrución 2/2007 da Secretaría Xeral sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia e modificación das actas dos estudos da USC.

A cualificación será de APTO ou NON APTO. No caso de que o alumno non realizara as actividades do curso, a cualificación será de NON APTO.

A unidade administrativa encargada da xestión das actas será a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.

SEXTO. RECOÑECIMENTO

Recepcionadas as actas na Unidade de Xestión Académica procederase ao recoñecemento nos expedientes académicos dos alumnos que figuren coa cualificación de “APTO”.



No expediente académico figurarán os créditos recoñecidos baixo o epígrafe “Competencias transversais”, cos seguintes datos:

Curso básico de competencias informacionais. Período e ano de realización. 1 crédito. Cualificación apto

Curso medio de competencias informacionais. Período e ano de realización. 1 crédito. Cualificación apto.

No caso de non superación dos cursos, non se fará ningunha mención no expediente académico.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2010

 O Reitor


Juan J. Casares Long

DIRECTORA DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA – VICERREITORA DE GRAO E POSGRAO - SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA – OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDEMENTO – DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO – XESTIÓN ACADÉMICA - UXA CAMPUS VIDA – UXA CAMPUS NORTE – UXA LUGO